



**ASISTENTES:**

ALBA CASTRO, JOSÉ LUIS  
ALBO LÓPEZ, ELENA  
ALÉN GONZÁLEZ, M<sup>a</sup>. ELISA  
ÁLVAREZ DA COSTA, ESTRELLA  
ÁLVAREZ MOREIRA, JOSÉ ÁNGEL  
ANAYA REVUELTA, INMACULADA  
ANEIROS PEREIRA, JAIME  
ANIDO RIFÓN, LUIS EULOGIO  
ARIAS SÁNCHEZ, PEDRO  
BARAJAS ALONSO, ÁNGEL ANTONIO  
BARCIA RODRÍGUEZ, IGNACIO  
BLANCO PESQUEIRA, ANTONIA  
BLANCO SIERRA, JAVIER  
BRAVO BERNÁRDEZ, JORGE  
BUENO ALONSO, JORGE LUIS  
CABALLERO RÚA, ARMANDO  
CABELLO PÉREZ, M<sup>a</sup>. PALOMA  
CABEZA PEREIRO, JAIME  
CALVO RUBIAL, NATIVIDAD  
CARBALLO GONZÁLEZ, ÁNGELES  
CEBRO RODRÍGUEZ, XOÁN MANUEL  
CID FERNÁNDEZ, XOSÉ MANUEL  
COSTA GONZÁLEZ, ALICIA  
DE LORENZO RODRÍGUEZ, M<sup>a</sup> EDITA  
DE LOS BUEIS MELLADO, JORGE  
DE OCA CANCELA, GUILLERMO  
DEL VAL GARCÍA, JESÚS  
DIZ FERREIRO, PAULA  
DOMÍNGUEZ CASTRO, LUÍS  
DOVAL RUÍZ, MARÍA ISABEL  
ENRÍQUEZ SALIDO, M<sup>a</sup>. DEL CARMEN  
ESTÉVEZ TORANZO, MARGARITA  
FALAGÁN MOTA, JORGE  
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO  
ALBERTO  
FERNÁNDEZ FUSTES, M<sup>a</sup>. DOLORES  
FERNÁNDEZ JAUREGUI, MANUEL  
FERNÁNDEZ LÓPEZ, FRANCISCO JAVIER  
FERNÁNDEZ RIVEROLA, FLORENTINO  
FERNÁNDEZ SOUTO, ANA BELÉN  
FERRO SOTO, CARLOS  
FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO  
GALLEGO VEIGAS, PEDRO PABLO  
GÁNDARAPÉREZ, JOSÉ ANTONIO  
GARCÍA FONTÁN, SOLEDAD  
GARCÍA GIL, SOLEDAD  
GARCÍA MEIJIDE, M<sup>a</sup>. CARMEN  
GARCÍA-PINTOS ESCUDER, ADELA  
GIL MARTÍN, EMILIO  
GIL VILLANUEVA, JOSÉ M<sup>a</sup>  
GÓMEZ MEIRE, SILVANA  
GONZÁLEZ BELLO, MARCOS  
GONZÁLEZ CERDEIRA, JULIA  
GONZÁLEZ DOPAZO, LOIS  
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup>. ÁFRICA  
GONZÁLEZ PILLADO, ESTHER M<sup>a</sup>  
GONZÁLEZ PIÑEIRO, LUIS  
GONZÁLEZ PRELCIC, NURIA  
GRAÑA RODRÍGUEZ, ANA MARÍA  
GRANDE SEARA, PABLO  
GUTIERREZ NIETO, MANUEL  
GUTIÉRREZ SÁNCHEZ, ÁGUEDA  
LAGO FERREIRO, ALONSO  
LAMEIRAS FERNÁNDEZ, MARÍA  
LLAMAS NISTAL, MARTÍN

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 17 de decembro de dous mil doce, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O día 17 de decembro de 2012, ás 10:13 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 20 de xullo de 2012.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2013.
4. Informe sobre a creación da Escola de Doutoramento.
5. Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:
  - a. Sector PDI-B: 1
  - b. Sector Decanos-as/Directores-as: 1
6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
  - a. Sector Estudiantes: 1
7. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 20 de xullo de 2012.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Toma a palabra o reitor e di o que segue a continuación:

Señoras e señores membros do Claustro da Universidade de Vigo:

Comparezo ante vostedes en cumprimento do artigo 60, apartado a) dos Estatutos da Universidade de Vigo, para presentar o informe anual sobre a miña xestión como Reitor desta universidade.

LONGO GONZÁLEZ, M<sup>a</sup>. ASUNCIÓN  
 LORENZO CIMADEVILA, ENRIQUE  
 LOVEIRA PAZÓ, ROSA M<sup>a</sup>.  
 MANDAYO FERNÁNDEZ, LORENZO  
 MARTÍN ORTEGA, ELENA BEATRIZ  
 MARTÍNEZ PIÑEIRO, MANUEL  
 MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO  
 MEANA MARTÍNEZ, JUAN CARLOS  
 MEJÍAS SACALUGA, ANA M<sup>a</sup>.  
 MÉNDEZ ABELLEIRA, BEGOÑA  
 MOJÓN OJEA, ARTEMIO  
 MORÁN MARTÍNEZ, M<sup>a</sup> PALOMA  
 MOURE RODRÍGUEZ, MARÍA JOSÉ  
 MUÑOZ LÓPEZ, LUÍS  
 NIETO FAZA, OLALLA  
 NOMBELA CASTAÑO, MIGUEL ÁNGEL  
 NOVOA FERNÁNDEZ, YOLANDA  
 ORGE ÁLVAREZ, BEATRIZ P  
 PAJARES DOMÍNGUEZ, SERGIO  
 PATO RODRÍGUEZ, SANTIAGO EDUARDO  
 PAZ DOMONTE, ENRIQUE  
 PAZÓ MARTÍNEZ, M<sup>a</sup> CONSUELO  
 PEREIRA DOMÍNGUEZ, ALEJANDRO  
 PÉREZ DIZ, ÁNGEL EDUARDO  
 PÉREZ GÓMEZ, LUÍS  
 PÉREZ LORENZO, MOISÉS  
 PÉREZ RODRÍGUEZ, MARÍA ROSA  
 PINO JUSTE, MARGARITA R.  
 PRADA RODRÍGUEZ, JULIO  
 QUINTÁS CORREDOIRA, M<sup>a</sup> ANGELES  
 RAMA MARTÍNEZ, M<sup>a</sup> ESPERANZA  
 REY GARCÍA, DANIEL  
 REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS  
 RÍOS SANTOMÉ, MARÍA JOSÉ  
 RODRÍGUEZ DE PRADO, FRANCISCO  
 RODRÍGUEZ MÉNDEZ, MIGUEL ENRIQUE  
 ROMERO GONZÁLEZ, RUBÉN  
 ROMO PÉREZ, VICENTE  
 RUBIÑOS LÓPEZ, JOSÉ OSCAR  
 RUZICKA KENFEL, VELJKA  
 SÁEZ OCEJO, JOSÉ LUIS  
 SÁNCHEZ BELLO, PATRICIO ALFREDO  
 SIOTA ÁLVAREZ, MÓNICA  
 SOUTO OTERO, JOSÉ CARLOS  
 SURÍS REGUEIRO, JUAN CARLOS  
 TUGORES MARTORELL, FRANCISCO  
 VALDÉS PEÑA, MARÍA DOLORES  
 VALEJE ÁLVAREZ, M<sup>a</sup>. INMACULADA  
 VALLEJO POUSADA, RAFAEL  
 VAQUERO DÍAZ, M<sup>a</sup>. BEATRIZ  
 VÁZQUEZ LÓPEZ, EZEQUIEL M.  
 VÁZQUEZ OTERO, MARÍAELSA  
 VÁZQUEZ VICENTE, XOSÉ H.  
 VELEIRO PINAL, IVÁN  
 VERA ISASA, MARÍA  
 VIDAL VÁZQUEZ, RICARDO  
 VILA ALONSO, M<sup>a</sup> DE LAS MERCEDES

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**

BADAQUI FERNÁNDEZ, AIDA  
 BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID  
 COMESAÑA GONZÁLEZ, BRAIS  
 GODOY MALVAR, EDUARDO  
 LORENZO GARCÍA, M<sup>a</sup> LOURDES  
 MOURE VARELA, ANDRÉS  
 MUÑOZ DUEÑAS, M<sup>a</sup> DEL PILAR  
 PÉREZ COTA, MANUEL

Como vostedes saben, o ano 2012 ten sido un ano difícil tanto nos aspectos económicos como nos referidos aos cambios regulamentarios aos que a Universidade se ten visto sometida. Unha vez máis, e ante todos vostedes, reitero a miña oposición e a de todo o meu equipo de goberno ás políticas de recortes en educación superior e en I+D+i ás que nos están sometendo desde a administración central e a administración autonómica. Esiximos á Xunta de Galicia a aplicación do plan de financiamento acordado e publicado e ao Goberno do Estado que elimine as trabas que dificultan a consecución de fondos externos de I+D+i. Repito as palabras pronunciadas o pasado día 10 de decembro na lectura do comunicado conxunto das reitoras e reitores das universidades públicas españolas: sen investimento en educación superior nin en I+D+i será inviable o funcionamento das universidades públicas. E, sen coñecemento, non haberá progreso. Non perderán soamente as universidades, senón que perderemos todos, o conxunto da sociedade.

Nos aspectos relativos a profesorado un dos cambios con maior impacto foi a publicación do Real Decreto Lei 14/2012 do 20 de abril que modifica a dedicación do profesorado universitario en función da súa intensificación docente ou investigadora. Desde o goberno da universidade rexeitouse este decreto, a nivel individual e a través da CRUE, tanto en declaracións públicas como en xuntanzas con autoridades do Ministerio de Educación e da Xunta de Galicia. Este rexeitamento non permite incumprir a legalidade vixente e, por esta razón, fixemos unha adaptación da capacidade docente do profesorado para o curso 2012/13. Nestes momentos estamos a traballar nas modificacións que se precisen para o curso 2013/14, e que serán negociadas co profesorado e cos seus representantes sindicais, co obxectivo de suavizar o impacto negativo do decreto, amparándonos para elo na marxe de manobra que nos proporciona a nota de 2 de xullo de 2012 remitida polo Ministerio de Educación.

Asemade, durante o ano 2012 aprobouse a Lei 2/2012, do 29 de xuño de orzamentos xerais do Estado, que impide a incorporación de novo persoal durante o ano 2012, fixando no caso de corpos de persoal investigador das universidades, unha taxa de reposición do 10%. Indícase tamén que durante o ano 2012 non se contratará persoal temporal, nin se nomeará persoal estatutario temporal ou funcionariado interino, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. A Universidade de Vigo, esgotada a taxa de reposición nas primeiras convocatorias do ano, iniciou unha negociación coa Xunta de Galicia co obxecto de conseguir a convocatoria das prazas máis urxentes e necesarias. No marco desta negociación

foi posible a convocatoria de 11 prazas de Profesorado Contratado Doutor para cubrir as prazas do profesorado que remataba a súa vinculación durante 2012. Deste xeito abrimos unha vía, dentro da lei, que nos permite negociar as prazas necesarias de profesorado laboral fixo para 2013, sempre que as condicións económicas o permitan.

No referente á convocatoria de prazas de funcionarios dos corpos docentes continuáronse as negociacións para tentar conseguir algunha vía de promoción e convocatoria. Celebráronse xuntanzas na sede do Ministerio de Facenda coa Secretaria de Estado de Presupostos e Gastos e co Director Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas sen que polo momento teñamos acadado ningunha vía de convocatoria distinta á de taxa de reposición anual. Continuamos traballando, tanto a través do diálogo directo como promovendo a negociación política entre a CRUE e o Ministerio de Facenda, para chegar a algún acordo que permita a promoción do PDI.

En resumo, a pesar destes cambios normativos a Universidade de Vigo continuou a traballar nas liñas deseñadas previamente e foi quen de manter o seu cadro de persoal garantindo ademais o posto de traballo a aqueles que tiñan o dereito adquirido.

Permítanme que insista en que, por moito que rexeitemos as leis e as normas non podemos, como institución deixar de cumprilas, xa que a inseguridade xurídica e a debilidade institucional que este comportamento produciría poría en risco os dereitos dos traballadores.

Respecto do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado, o Consello de Goberno aprobou no mes de outubro a suspensión da incorporación de novos beneficiarios, seguindo a recomendación da CRUE á vista do informe do Tribunal de Contas.

No presente curso levouse a cabo a reestruturación da oferta de posgrao: enviáronse á Xunta as novas propostas de máster que entrarán en vigor no curso 13/14 que será o primeiro curso académico no que se esixirá de forma xeral un número mínimo de 20 estudantes por programa. Respecto dos doutoramentos ademais das 2 novas propostas xa aprobadas coa nova regulamentación, tramitáronse 33 programas para a súa verificación.

Continúa o seu informe referíndose ás cifras de matrícula no Curso 2012/13.

O número de estudantes de novo acceso aos graos, segundo os datos proporcionados pola CIUG, foi de 3524 dos que 801 corresponden ao Campus de Ourense, 692 ao Campus de Pontevedra e 2041 ao Campus de Vigo. Esta cifra, que supón 85 estudantes menos que no 2011 e 31 máis que no 2010 indica a estabilización do número de estudantes de novo acceso aos graos. Respecto do acceso aos másteres, o número de estudantes de novo acceso foi de 1707 o que supón un incremento de 135 estudantes. Sen embargo, o número total de estudantes de máster diminuíu en 130 ao reducirse os másteres que ofertan prazas en máis dun curso. O número total de estudantes matriculados sitúase en 22289, a falta de contabilizar os intercambios do segundo cuatrimestre.

Respecto da situación económica, temos neste mesmo claustro un punto dedicado ás liñas xerais de política orzamentaria no que se expoñerá a situación actual do plan de financiamento. A este respecto quero sinalar que traballando de forma conxunta coas outras universidades do SUG conseguimos que a Xunta de Galicia asuma os seus compromisos e achegue as cantidades

pactadas no plan de financiamento para o pago dos complementos retributivos aos que o PDI ten dereito. Á espera da liquidación definitiva, estes pagos faranse efectivos neste mesmo mes.

No relativo a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, aprobáronse en Consello de Goberno a proposta de Normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e de máster e a adaptación do cuestionario da Enquisa de Avaliación Docente do profesorado e o Regulamento de Prácticas Académicas Externas. Foron autorizados en Consello de Goberno máis de 50 cursos propios. Impartíronse 20 cursos do programa de formación permanente do profesorado, 5 cursos de formación de novo profesorado e celebrouse a Xornada de Innovación Educativa o 28 de xuño, no Campus de Vigo. Co apoio do Consello Social convocáronse os Proxectos de Innovación Educativa, dos que foron concedidos 4 por un importe total de 29.680 €. Nos procesos relacionados coa calidade docente, ademais do VAD, as enquisas e as tarefas de apoio á xestión dos Sistemas de Garantía de Calidade, levouse a cabo a planificación e desenvolvemento das tarefas necesarias para a execución do proceso de seguimento dos títulos oficiais. En novembro enviáronse á ACSUG 41 informes dos títulos oficiais que deben renovar a súa acreditación en 2013, e 14 de aqueles que só deben realizar o informe de seguimento anual do curso correspondente.

Respecto do balance en investigación e transferencia, comezarei por citar a visibilidade acadada pola nosa universidade nos ránkingos máis importantes para a comunidade científica. No chamado Ránking de Shangai, a Universidade de Vigo apareceu de novo entre as primeiras 500 universidades do mundo. No ránking de The Times, que recolle as 400 universidades máis importantes do mundo, apareceu a Universidade de Vigo por primeira vez en 2012.

Respecto das convocatorias públicas, presentáronse en 2012 solicitudes institucionais ás convocatorias de Técnicos de Apoio a Infraestruturas Científico-Técnicas para CACTI, AtlantTIC, ECIMAT e CITI, Acción Marie Curie Initial Training Network-Innovative Doctorate Programs e ao Proxecto UNIJOB na convocatoria POCTEP.

Foron concedidos proxectos e accións institucionais por un total de 14.101.777 €, entre os que destacan Ecoraee, Fellow Sea, Biocaps ou Green It. Ademais, as cantidades captadas por proxectos dos grupos de investigación ascenderon a 10.203.240 €. A contía das actividades contratadas en base ao artigo 83 da LOU foi de 7.055.615,13 €. Así, os ingresos externos totais ascenden aproximadamente ao 20% do orzamento total da universidade.

Aprobáronse os novos regulamentos de creación de EBTs e propiedade industrial e intelectual. En maio publicouse a 1ª convocatoria de produción de transferencia. Actualmente a Comisión de Investigación rematou a valoración dos méritos que están a ser introducidos na aplicación informática con vistas á resolución nos vindeiros días.

Promovéronse máis de 60 convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas externas.

Tramitáronse 16 solicitudes de patentes nacionais e 6 de patentes internacionais, asináronse 8 contratos de licenza e continuouse coa titorización de iniciativas de empresa de base tecnolóxica a través do programa Empresa-Concepto. Neste senso, 4 novas iniciativas beneficiáronse do programa.

Ao longo do ano creouse 1 Empresa de Base Tecnolóxica e asináronse 2 acordos de transferencia con EBTs.

Resolveuse a convocatoria INCUVI, resultado dun convenio asinado coa Cidade Universitaria de Vigo e pola que se conceden axudas a 6 iniciativas emprendedoras de alumnos da Universidade de Vigo. Realizouse tamén a convocatoria e resolución do programa TRANSFORME, dirixida a que as tituladas e titulados universitarios menores de 30 anos poidan participar directamente nos proxectos de transferencia de coñecemento desenvolvidos de forma conxunta polos grupos de investigación e as empresas do entorno local.

Durante o curso 2011-12 un total de 633 estudantes da Universidade de Vigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación en Europa co programa Erasmus. A mobilidade con países extracomunitarios aumentou en relación aos anos anteriores ata un total de 61 estudantes. Para financiar a mobilidade dos estudantes beneficiarios das convocatorias propias e do programa ISEP, ademais do orzamento de 80.000 € para bolsas internacionais da Universidade de Vigo, publicáronse tres convocatorias de axudas financiadas polo Banco Santander: Bolsas Fórmula, Santander-CRUE e Santander-Grao.

Tras a aprobación dunha normativa que permite a libre mobilidade, por primeira vez un total de 7 estudantes realizaron unha estadía nunha universidade estranxeira.

Este ano chegaron á Universidade de Vigo 90 estudantes brasileiros cunha bolsa do programa Ciencia sen Fronteiras de dito país, alumnos que están a cursar un ano académico en 10 titulacións diferentes nos tres campus.

Fixéronse dúas convocatorias do programa Erasmus prácticas este curso para un total de 34 prazas. Ademais participaron 14 estudantes no programa de prácticas profesionais Leonardo da Vinci.

Respecto da mobilidade Erasmus de PDI recibíronse máis de 100 solicitudes e na mobilidade Erasmus de PAS xa realizaron a súa estadía 9 persoas.

Respecto do proxecto Campus da auga no Campus de Ourense, durante 2012 realizouse a convocatoria á participación do persoal investigador e foron elaborados documentos de presentación do proxecto ao tecido socioeconómico da provincia de Ourense, así como a convocatoria do concurso para a realización do proxecto estratéxico.

No referente a infraestruturas de investigación, no exercicio 2012 rematouse a construción do Centro de Apoio a Investigación (CACTI) e estase a levar a cabo a licitación para o seu equipamento. Tamén rematouse a obra do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI) e poderase poñer en uso unha vez sexa equipado e foi licitada obra para a construción do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO).

No Campus de Pontevedra, o proxecto Urbanización do Campus está en fase de licitación, e as obras comezarán en breve.

No Campus de Ourense, rematáronse as obras do Xardín Medioambiental, a ampliación do Edificio Xurídico Empresarial e a construción da Escola Infantil que dará servizo a comunidade universitaria.

As actividades desenvolvidas de extensión universitaria poden resumirse na celebración de 49 conferencias, máis de 100 cursos e obradoiros e 52 actuacións musicais e teatrais. Ademais continúase co apoio as exposicións, ao cinema, ao coro universitario e ao voluntariado.

Por primeira vez realizárase o Campus Camp Nadal.

Na Área de normalización lingüística cabe destacar durante o 2012 a coordinación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Pasaron a formar parte dela as secretarías xerais de Universidades e a de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Entre os asuntos máis importantes nos que se está a traballar podería destacarse a apertura dunha liña de financiamento para a interpretación ao galego de congresos e xornadas científicas de carácter internacional, a elaboración dun informe sobre a situación da lingua galega en relación á valoración de méritos na investigación e na docencia ou o deseño da campaña “En galego tamén se fai ciencia”, que presentamos en Vigo o pasado martes 27 de novembro.

En materia de Igualdade cómpre destacar a aprobación polo Consello de Goberno, o día 12 de novembro, do I Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo.

Durante 2012 editouse tamén o Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario.

En relación ás axudas propias da Universidade de Vigo a estudantes, desfrutaron dunha bolsa de formación da universidade 227 persoas ás que hai que engadir 457 bolsas de comedor, 124 de residencia e 30 bolsas propias de máster. Para estudantes de doutoramento outorgáronse 15 bolsas de estudos, 25 contratos, 7 bolsas de colaboración en centros de apoio á investigación, 80 bolsas de viaxe e 25 estadias de investigación.

O Campus do mar continuou a súa proxección internacional con visitas a Brasil, China, México, Chile e Filipinas. Comezou o desenvolvemento das novas liñas emerxentes, concretamente a referente a tecnoloxías ómicas aplicadas ao medio mariño que está a iniciar a elaboración do seu plan estratéxico.

Sen dúbida o éxito máis importante acadado polo Campus do Mar neste ano é a avaliación do proxecto que recibiu a cualificación máxima posible: A – Bo progreso.

Para finalizar este informe gustárame reiterar as palabras do comezo: os tempos son difíciles. A crise económica e as políticas que pretenden corrixila nos golpean con violencia, atacando as bases da autonomía universitaria e afogando o investimento en educación e I+D+i. Neste contexto, máis que nunca, precisamos dialogar coas institucións, convencer con argumentos e explorar todas as oportunidades sen renunciar á firmeza nas conviccións e a defensa da universidade como servizo público. Este é o traballo que temos por diante para o que espero contar con todos vostedes.

Rematada a intervención do reitor, ábrese una rolda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para facer as seguintes apreciacións:

1. Que non comparte que se execute as disposicións do Decreto Lei 14/2012 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo ata que non se desenvolva regulamentariamente, porque cre que condicionará o debate; que a nota enviada do ministerio non é executiva, non comparte as de sexenios.
2. Para reprochar o atraso no pago dos complementos por excelencia curricular que se lle debe ao PDI; defende a creación dun fondo de continxencia para facer fronte a este tipo de complementos.
3. En relación a limitación de contratación persoal ao 10% da taxa de reposición, imposta pola Lei de orzamentos, sinala que agrava o desequilibrio entre ámbitos, polo que pide que a taxa de reposición do 10% de efectivos se concrete nos ámbitos científicos máis desfavorecidos para non incrementar as diferenzas.
4. En relación á política de máster, criticou a falta de planificación neste ámbito e demandou a posta en marcha dun verdadeiro mapa de titulacións de máster axustado ás necesidades da Universidade de Vigo.
5. En relación á política de investigación, cuestionou a redución de orzamento para o pago da produción científica. Di que esta partida orzamentaria é precisa para afrontar gastos que xeran os grupos de investigación pequenos, e que como I.P. transmite a preocupación de que precisan de máis apoio institucional. Igualmente, solicita que se mellore a xestión das axudas de investigación para que se poida executar o gasto en investigación en tempo real.
6. Solicita información sobre os cargos de ECIMAT e CITI.
7. Fai unha proposta en relación á posibilidade de que a Unidade de Igualdade se adscriba ao Tribunal de Garantías, reforzando así o seu papel como ferramenta de xestión básica e non só de visualización das políticas que se están a levar a cabo neste eido; que a visualización ten que vir dunha xestión eficaz.

Como conclusión final remata solicitando máis transparencia na priorización do gasto, esixindo un plus de publicidade na selección de urxencia, á vez que reitera a súa solidariedade co equipo de goberno, pero que se teñan en conta as súas críticas.

Responde o reitor agradecendo as súas palabras, tanto as críticas como as propostas, para seguidamente dicir que cada decisión do goberno precisa neste momento do apoio da comunidade universitaria, debido aos desafíos polos que está pasando o conxunto do sistema universitario; que a súa principal preocupación é crear un escenario defensivo fronte ás reformas en curso e as que aínda poden xurdir nun futuro inmediato. Que a súa principal obrigação como

reitor é anticiparse para fortalecer, e non poñer en perigo, o emprego público, e sobre todo garantir o futuro das persoas que na actualidade están en proceso de formación e promoción. Subliña que desexa despexar todas as dúbidas posibles sobre a obrigatoria aplicación do Decreto lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. A súa executividade comezou ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial e que nestes termos foi comunicado desde o Ministerio de Facenda. Expón ante os membros do Claustro que baixo ningún concepto asumirá o risco de que a Universidade de Vigo, debido á non aplicación do decreto lei, poida ser intervida. Seguidamente, informa que foi obxecto de estudo e debate a forma en que, dentro da marxe de manobra que permite a norma, poderían aplicarse as disposicións do decreto lei co menor impacto posible e atendendo á contabilización das diversas tarefas que desenvolve o profesorado. Informa que a estabilidade da Uvigo pasa por unha fortaleza orzamentaria, isto é, contas saneadas e cumprir as normas. Como responsable do goberno, non se pode permitir alegrías que poñan en risco os dereitos que nos quedan e pide confianza e colaboración para a súa implementación aos membros do Claustro.

Respecto ao atraso no pago dos complementos por excelencia curricular, tras explicar as causas do atraso e que non eran imputables á Uvigo, anunciou que serán de inmediato pago. Respecto a xestión en investigación, sinalou que reconece que hai moitos aspectos que deben mellorarse; que é consciente que aos grandes proxectos non chegan a todo o mundo, polo que na súa opinión o futuro pasa por que os proxectos institucionais estean impulsados desde o goberno, potenciando formas asociativas entre os distintos grupos de investigación para concorrer a convocatorias competitivas.

### **Punto 3.** Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2013.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen dá comezo á presentación das liñas xerais de política orzamentaria-2013 (**Anexo I**) servíndose dunha presentación power-point. Sinala que a súa exposición desenvolverase con arranxo a unha serie de etapas, principalmente:

- 1) Escenario orzamentario
- 2) O plan de financiamento do SUG de 2013
- 3) Reflexión de xestión da crise na Uvigo
- 4) Liñas xerais de actuación

1). Como paso previo comeza por expoñer as fontes de onde proceden o conxunto de ingresos públicos que nutren economicamente á Uvigo, sinalando que ademais do financiamento aportado pola Comunidades Autónoma, existen ingresos por taxas académicas. Neste punto, sinala a radical oposición ao incremento dos prezos públicos, que debe procurarse ao mínimo impacto posible para os nosos estudantes e as súas familias. Opina que unha suba elevada e indiscriminada das taxas é lesiva ao acceso aos estudos en igualdade de oportunidades. Pero tamén porque en termos de ingresos, podería provocar o efecto contrario ao que en teoría se busca.



Respecto dos ingresos procedentes de convocatorias de investigación en concurrencia competitiva, informa que se está a producir unha alarmante redución dos recursos destinados ás mesmas, tanto nas convocatorias da Comunidade Autónoma como nas do Estado.

Para rematar, en relación aos ingresos procedentes da prestación de servizos a empresas e da transferencia de coñecemento, sinala que sofren as limitacións financeiras das empresas para a contratación coa Universidade.

2). Polo que se refire ao Plan de financiamento do SUG 2013, sinala en primeiro lugar as limitacións normativas que impuxeron a publicación das seguintes leis: Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo; Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012; Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira; Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade; Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Continúa expoñendo a evolución das achegas da Xunta de Galicia, desde o ano 2005 ata o ano 2013. Expón que se se cumpre o Plan de financiamento do ano anterior, a cantidade sería de 394.000.000 euros (cifra idéntica á do ano 2012). Seguidamente explica a estrutura do Plan de financiamento e os diversos compoñentes (financiamento estrutural, por resultados e mellora da calidade e a porcentaxe e criterios de reparto, 85%; 10% e 5% respectivamente). Continúa expoñendo unha estimación das achegas do SUG ao Plan de financiamento da Universidade de Vigo. Fai unha estimación de 106.172.606. Sinala o reparto por criterios obxectivos (un 10% en 2013) fai incrementar a participación da Universidade de Vigo sobre o total dos fondos, xa que incrementa a porcentaxe que se viña recibindo cos criterios históricos que proviñan do anterior Plan de financiamento (2005-2010).

Respecto dos orzamentos de ingresos, describe a evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo experimentada nos últimos anos (2005-2013). Continúa coa exposición das cifras do ano 2012-2013 ao fío dos diferentes capítulos.

Con relación aos ingresos por taxas e prezos públicos, o vicerreitor de Economía informa que se manteñen no mesmo nivel que o ano anterior, aínda que se aprecia unha lixeira baixada debido á desaparición das licenciaturas.

Respecto das transferencias de capital, salienta a substitución dos ingresos por convocatorias públicas de investigación, cada vez de menor importe, pola consecución de fondos comunitarios en réxime de concurrencia competitiva (Campus Mar, CIMBIO). Neste apartado finaliza expoñendo a composición de ingresos por capítulos e a súa participación no conxunto do orzamento.

No que se refire ao orzamento de gastos, expón que ten unha composición semellante ao do ano anterior: mínima redución en gastos de persoal (0,38%) e gastos correntes debido á execución de proxectos finalistas. Di que a cifra global en bens e servizos baixa menos do que en principio podería preverse pola execución de proxectos finalistas. Os investimentos reais mantéñense na liña do ano pasado.

Ao fío da súa exposición, fai os seguintes comentarios sobre o orzamento de gastos:

En relación ao capítulo I, de gastos de persoal, di que supón a principal fonte de gasto (un 57,13% do total do orzamento), cun importe de 93.238.000 €. Isto reduce nun -0,38% o gasto de persoal do exercicio 2012. Esta redución é atribuíble á aplicación de todas as medidas legislativas citadas, que limitan as posibilidades de contratación; a unhas máis estritas normas de contratación de persoal docente eventual e interino; ao menor fluxo de entrada de investigadores captados a través dos programas Ramón e Cajal, Juan da Cierva, Ánxeles Alvariño e Parga Pondal, consecuencia da cada vez menor oferta de prazas que se realiza nesas convocatorias; e tamén á suspensión do plan de medidas facilitadoras dá xubilación voluntaria do profesorado.

Respecto ao capítulo II, de gasto corrente en bens e servizos, sinala que ten unha previsión de 24.909.149 €, que representa unha redución de só -0,35% respecto do exercicio anterior. Son contías moi baixas para o volume total do orzamento, pero o seu control, sumado ao do capítulo IV, de transferencias correntes, é o que pode permitir un equilibrio orzamentario entre ingreso corrente e gasto corrente sen afectar substantivamente ao capítulo de persoal. En calquera caso, e como xa sucedera no exercicio de 2012, a maior obtención de fondos en convocatorias finalistas, coma o Campus de Excelencia Internacional ou agora en proxectos europeos, eleva o importe total do gasto corrente e das transferencias.

Igualmente, respecto ao capítulo IV, de transferencias correntes, acada os 8.523.200 € cun incremento de 9,41% verbo de 2012. Di que este aumento é exclusivamente atribuíble ao gasto asociado aos novos proxectos acadados, que aportan o ingreso correspondente a estes gastos.

O capítulo VI, investimentos reais, toma un valor de 33.366.003 €, unha diminución de -0,64% en relación a 2012. Mantense a política de investimento ligado á consecución de fondos finalistas, dando prioridade á consecución do equilibrio orzamentario, particularmente no saldo de ingresos e gastos correntes. Di que é conveniente separar, dentro do capítulo de investimentos, a evolución dos seus dous artigos principais, o 62 (investimento en inmovilizado físico) e o 64 (investimento en activos inmateriais). O investimento físico redúcese un -43,53% respecto de 2012. Pola contra, o investimento inmaterial aumenta un 27,80% verbo de 2012. Estamos, xa que logo, diante dun cambio substantivo, xa que a redución en investimento de activos físicos estase compensando cun aumento do investimento en activos inmateriais.

O vicerreitor de Economía conclúe que, en definitiva, o conxunto do gasto continúa na senda da contención, materializándose os aumentos na captación de fondos finalistas que aportan os ingresos para financiar os gastos e os investimentos.

3). Respecto de como afronta a Universidade de Vigo a xestión da crise, o vicerreitor, tras facer un repaso á evolución dos capítulos de ingreso corrente e gasto corrente 2009-2013, di que a redución orzamentaria dende 2009 a 2013, foi, en valores absolutos, de 19.001.484 €, superior ao 10% do orzamento total, o que provocou un desfase insostible entre ingreso e gasto corrente ao longo dos anos 2010 e 2011. Que, no entanto, co esforzo de todos temos sido quen de recuperar o equilibrio orzamentario neste ano de 2012 e de manter o importe do orzamento para o vindeiro exercicio de 2013.

O vicerreitor sinala que o reequilibrio tense logrado sen danar de xeito substantivo ao capital humano da institución, mantendo o esencial do emprego, así como as políticas de transferencias correntes (bolsas, internacionalización, ...). Informa que nese período hai partidas de gasto que se incrementan, nomeadamente o capítulo IV, de transferencias correntes, polo que se repartimos a diminución orzamentaria entre os tres principais capítulos de gasto, resulta que o capítulo I, de gastos de persoal, absorbeu o 7,06% da redución, o capítulo II, de gasto corrente en bens e servizos, absorbe o 22,7% da caída orzamentaria, e o capítulo VI, de investimentos reais, o restante 70,24%.

O vicerreitor di que a principal ferramenta para este reequilibrio está a ser, polo lado do ingreso, o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, que comeza a ter en consideración os resultados das universidades nos criterios de reparto. En segundo lugar, a captación de recursos para proxectos estratéxicos (Campus do Mar, Táctica, Green It, Biocaps, ...) e a vinculación da transferencia de coñecemento ao contorno empresarial.

Di que o axuste polo lado do gasto ven dado, esencialmente, polo plan de sustentabilidade proposto pola Uvigo, polo control rigoroso do gasto corrente e pola ligazón de investimentos concretos á captación de ingresos finalistas para realizalos.

4). En relación as liñas xerais de actuación que se popoñen, o vicerreitor di que pretenden ser coherentes coa acción de goberno que se ven desenvolvendo dende o inicio, ao tempo de sobrepoñerse á desfavorable conxuntura económica e normativa na que se teñen que desenvolver os orzamentos.

Expón algunhas das liñas básicas de actuación que se recollen no documento entregado aos membros do Claustro.

En relación aos compromisos profesionais co PDI e PAS, di que o eixo central do programa de goberno é o compromiso co capital humano, tanto no que se refire ao persoal docente e investigador como ao persoal de administración e servizos. Que, non obstante, as restricións económicas pero, sobre todo, as cada vez máis numerosas e importantes limitacións normativas que lle son de aplicación ás universidades están condicionando as posibilidades de actuación. Que, en consecuencia, todos os acordos que acaden con PAS e PDI, deberán axustarse coa situación económica financeira da Uvigo para preservar a súa viabilidade presente e futura. Que o orzamento 2013 recolle no seu capítulo I, de gastos de persoal, un importe de 93.238.000 €, cun descenso do 0,38% verbo do exercicio 2012. Esta menor contía obedece á continuidade das medidas adoptadas nos exercicios anteriores, ás que se engaden as seguintes:

- A suspensión do Plan de Medidas Incentivadoras á Xubilación do PDI, decisión adoptada polo Consello de Goberno á vista das actuacións iniciadas polo Tribunal de Contas.
- Os efectos da normativa de ámbito estatal. Referímonos ao Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e ao Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

- Continúa a reducirse o número total de investigadores captados a través dos programas Ramón e Cajal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e Parga Pondal, atribuíble á cada vez menor oferta de prazas que se realiza nesas convocatorias.

En relación a este capítulo, o vicerreitor expón que os obxectivos de eficiencia no gasto non poder ir en detrimento da competitividade da institución, que está en función, á súa vez, das capacidades do seu capital humano.

Remata dicindo que as liñas xerais de actuación en relación co persoal docente e investigador, son as seguintes:

- Continuidade nos compromisos de estabilización e carreira académica do PDI previstos no Regulamento de Profesorado, aprobado no Claustro en xullo de 2012.
- Mantemento no 2013 do programa especial de promoción para doutores acreditados como profesores titulares de universidade ou como profesores contratados doutores.
- Mantemento do programa xeral de formación para doutoramento.
- Elaboración dunha normativa de recoñecemento do labor docente, investigador, de transferencia de coñecemento e de xestión, do persoal docente e investigador, que se someterá en breve á aprobación do Consello de Goberno.

En relación ao persoal de administración e servizos, o vicerreitor expón que o equipo de goberno mantén a oferta, xa realizada ao inicio deste período de goberno, para a negociación e acordo dun plan de funcionarización do PAS-Laboral que, dende unha perspectiva realista, acade un alto grao de consenso e cun horizonte temporal asumible desde o punto de vista das capacidades económicas e de xestión do propio proceso. Que, conxuntamente co anterior, completaranse acadando acordos nos procesos actualmente en curso, relativos a:

- Negociación do III Convenio Colectivo do PAS Laboral.
- Negociación da nova relación de postos de traballo (RPT) do PAS Laboral.
- Negociación da nova relación de postos de traballo (RPT) do PAS Funcionario.

Sinala respecto do anterior, que sempre dende unha perspectiva que permita atender tres requerimentos básicos para a universidade: a continuación na modernización e profesionalización da administración universitaria; a adaptación ás esixencias que se derivan da nova oferta educativa; e o desenvolvemento de estratexias internas de descentralización e desconcentración da xestión e da prestación de servizos, ao tempo que promover un axeitado desenvolvemento do plan de promoción interna e da carreira profesional.

Por outra banda di que a Uvigo comprométese a continuar co desenvolvemento do plan de formación para o PAS, ampliando o número de cursos e facilitando a asistencia aos mesmos. Ademais da organización de accións formativas propias, seguirase a facilitar a asistencia a cursos externos nas áreas de maior especialización, atendendo ás propostas e suxestións do PAS.

Respecto ás liñas básicas de actuación en infraestruturas científicas, o vicerreitor di que na actual conxuntura económica as actuacións que teñen que ver con infraestruturas científicas, tanto no que atinxe a novas construcións como a equipamentos, só son posibles polo éxito acadado previamente nas convocatorias en concorrencia competitiva de fondos FEDER, anticipos MEC, Parques Científico-Tecnolóxicos, Innplanta, Innocampus ou Campus de Excelencia Internacional, que permitiron obter recursos cos que abordar estas iniciativas.

Cada vez máis, sen embargo, o investimento en infraestruturas vese limitado pola redución ou supresión de convocatorias públicas ás que concorrer para conseguir financiamento para este fin, tanto a nivel autonómico como nacional. Por exemplo, no 2012 o Ministerio de Economía y Competitividad non convocou as axudas para a adquisición de infraestruturas científico-técnicas con cargo aos fondos FEDER, que estaban previstas.

Di que, adicionalmente, os organismos públicos tenden cada vez máis a formular as axudas en forma de préstamo, establecendo a obrigatoriedade de dispoñer dun permiso específico por parte das autoridades correspondentes (Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ou Consellería de Facenda), que non sempre é doado de obter. Isto supón unha dificultade importante para o acceso a financiamento externo para investimentos en infraestruturas.

A continuación informa das actuacións en execución previstas para 2013, polo que fai a infraestruturas de investigación, que son as seguintes:

- Execución da fase construtiva do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO), que está previsto rematar a mediados do 2013. Con este proxecto a Universidade de Vigo pretende tomar a iniciativa no sector da investigación biomédica, tanto básica como aplicada.
- Unha vez finalizada a construción do Módulo Tecnolóxico industrial (MTI) e resoltos os seus problemas construtivos, procederase ao seu equipamento e posta en uso.
- Equipamento e posta en uso do laboratorio de Microbioloxía nivel P3 no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI).
- Con posterioridade á realización do proxecto para o novo Centro de Apoio á Investigación (CACTI), adquiriuse novo equipamento científico de investigación no campo da espectrometría, o que fixo preciso abordar un proxecto de ampliación do edificio para albergar estes novos equipamentos. As obras iniciaranse no segundo semestre de 2013, unha vez finalizada a construción do CINBIO.
- Preparación do equipamento do Centro de Apoio á Investigación (CACTI). Este edificio albergará os Servizos de Determinación Estrutural, Proteómica e Xenómica, Nanotecnoloxía e Análise de Superficies, Microscopía Electrónica, Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, Detección Remota, Taller Electrónico e Taller de Mecanizado. Con esta construción, ampliaranse as superficies e

melloraranse as condicións das que dispoñen estes servizos, redundando nunha mellora da calidade dos mesmos.

- Equipamento e posta en uso dos laboratorios de investigación da "torre" do Centro de Apoio á Investigación (CACTI), parte do edificio que é continuación do CITEXVI.
- Equipamento do animalario da Universidade de Vigo. Adquisición de infraestruturas científico-técnicas (equipamentos) correspondentes aos fondos captados nas convocatorias de Infraestruturas Científico-Técnicas FEDER 2010 e INNPLANTA 2011.
- Realización do proxecto construtivo, xa comprometido e non realizado no exercicio 2012, para o Centro de Investigación en Tecnoloxías e Procesos Industriais (CINTEC), á espera de ter éxito na captación de recursos externos, nomeadamente recursos do Fondo Tecnolóxico ou fondos FEDER.
- Resoltos todos os trámites administrativos para a obtención de licenza urbanística para o pavillón de embarcacións no ECIMAT, na Illa de Toralla, a execución da fase construtiva queda adiada en tanto non se obteñan os recursos necesarios nas pertinentes convocatorias competitivas ás que se poida concorrer.

Respecto as liñas xerais de actuación en infraestruturas docentes e de servizos, o vicerreitor informa que ao igual que vén ocorrendo nos últimos anos nun contexto de redución orzamentaria severa como o que vivimos, en especial no capítulo VI, de investimentos reais, as prioridades neste epígrafe teñen que ser as partidas dedicadas a reformas e mantemento:

- Ao longo deste ano 2012 seguíronse realizando, en todos os edificios dos tres campus, as tarefas necesarias para conseguir un adecuado mantemento e solucionar todas as incidencias que tiveron lugar.
- Executáronse tamén pequenas obras de adaptación de espazos para lograr usos máis flexibles dos mesmos. Continuouse coa realización de obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos e de subministro de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes, etc.
- Ademais, no 2012 leváronse a cabo as seguintes actuacións específicas:
  - Posta en servizo da Escola Infantil do Campus de Ourense.
  - Finalización das obras de ampliación do Edificio Xurídico-Empresarial no Campus de Ourense.
  - Finalización das obras de construción do vieiro da Rúa Torres, no Campus de Ourense.

- Por outra banda, completouse tamén toda a tramitación administrativa para poder iniciar a construción da Escola Infantil do Campus de Vigo. Porén, a actual situación económica non permite abordar con recursos propios un investimento desa contía, polo que se decidiu adiar a súa construción.

Remata dicindo que o principal é priorizar as labores de reforma e mantemento.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para facer dous rogos: solicitar a elaboración dunha normativa de nomeamento de profesores eméritos e para que, do mesmo xeito que se aborda a negociación de elaboración dunha relación de postos de traballo para o PAS, se faga o propio para o PDI a fin de garantir a súa carreira académica.

Responde o vicerreitor dicindo que ve factible a elaboración da RPT do PDI, que será consensuada no Consello de Goberno a través da Vicerreitoría de Profesorado.

Intervén o reitor para dicir que a normativa de profesorado ten que ver coa RPT; que o escenario orzamentario dános moitos argumentos para pedir autorización para consolidar as prazas de promoción o 2013, que o principal obxectivo será paliar o famoso desequilibrio.

Intervén o Sr. Xan Cebro para realizar valoracións relativas ao proceso de negociación da RPT; que considera que é restritiva. Engade que non lle gusta o modelo de funcionarización adoptado pola Xunta de Galicia.

Responde o vicerreitor que están sendo moi restrictivos, porque non se pode facer doutro xeito; que hai que chegar a acordos sobre a RPT; que se estudarán as propostas que se susciten no marco da negociación. Intervén o xerente para dicir que o que se busca é alcanzar unha xestión profesionalizada e especializada e que non están pechados a propostas.

#### **Punto 4.** Informe sobre a creación da Escola de Doutoramento.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen solcita un informe favorable do Claustro para iniciar o proceso de creación da Escola de Doutoramento: un ente que tratará de potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da universidade.

Sinala en primeiro lugar a normativa que permite desenvolver as escolas de doutoramento. Neste sentido cita o artigo 9 do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro (BOE de 10 de febreiro de 2011), polo cal se regulan os estudos de doutoramento correspondentes ao terceiro ciclo das ensinanzas universitarias. O citado artigo contempla a posibilidade de que as universidades poidan crear escolas de doutoramento co fin de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e actividades propias do doutoramento.

A vicerreitora salienta que no decreto se incide na importancia e interese das escolas de doutoramento, que están chamadas a xogar un papel esencial no modelo de formación doutoral

con base na universidade, pero impulsando a colaboración con outros organismos, entidades e institucións implicadas na I+D+i, tanto nacional como internacional.

Engade que tamén a Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación dá unha nova redacción ao art. 7 da LOU; que queda redactado nos seguintes termos: *Las Universidades públicas estarán integradas por Escuelas, Facultades, Departamentos, Institutos Universitarios de Investigación, Escuelas de Doctorado y por aquellos otros centros o estructuras necesarios para el desempeño de sus funciones.*

Igualmente, modifícase o artigo 8 da LOU, ao que se lle engade un novo apartado coa seguinte redacción: *Las escuelas de doctorado son unidades creadas por una o varias universidades, por sí mismas o en colaboración con otros organismos, centros, instituciones y entidades con actividades de I+D+i, nacionales o extranjeras, que tienen por objeto fundamental la organización, dentro de su ámbito de gestión, del doctorado en una o varias ramas de conocimiento o con carácter interdisciplinar. Las universidades podrán crear escuelas de doctorado de acuerdo con lo previsto en su propia normativa y en la de la respectiva Comunidad Autónoma. Su creación deberá ser notificada al Ministerio de Educación, a efectos de su inscripción en el Registro de Universidades, Centros y Títulos.*

A vicerreitora informa que a partir do novo marco normativo anteriormete citado, no Consello de Goberno de 20 de xullo de 2012 aprobouse un novo Regulamento de estudos de doutoramento adaptado á nova lexislación estatal, regulamento que emanou dun acordo entre as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia e que ten por obxecto regular a organización dos estudos de doutoramento conducentes á obtención do título de doutor.

Sinala que a estrutura e competencias se delimitarán no acordo de creación que se aprobará en Consello de Goberno, tamén que unha vez creada, a escola asumirá toda a organización, planificación, xestión, supervisión e seguimento da oferta global de actividades do doutoramento.

Continúa expoñendo que de acordo co procedemento establecido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, relativo á creación de escolas de doutoramento no Sistema Universitario de Galicia, os pasos a seguir son os seguintes:

- a. Acordo do Consello de Goberno
- b. Informe do Consello Social
- c. Informe do Consello Galego de Universidades
- d. Envío a informe do *Consejo de Universidades*
- e. Decreto da Xunta polo que se crea a Escola de Doutoramento
- f. Notificación ao Ministerio de Educación para a súa inscrición no RUCT (Registro de Universidades, Centros e Títulos)



Remata dicindo que de acordo co artigo 14 dos Estatutos da Universidade de Vigo, se solicita do Claustro o informe favorable para iniciar o proceso de creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo, que sería iniciado co acordo de creación aprobado en Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

**Punto 5.** Elección dos seguintes postos no Consello de Goberno:

- a. Sector PDI-B: 1
- b. Sector Decanos-as/Directores-as: 1

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que polo sector do PDI-B presentou a súa candidatura Dna. Paula Diz Ferreiro. Dado que hai un posto e unha soa candidatura non é preciso celebrar eleccións.

Igualmente, informa que polo Sector de Decanos-as/Directores-as presentou a súa candidatura D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal, Director do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía. Dado que hai un posto e unha soa candidatura non é preciso celebrar eleccións.

**Punto 6.** Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- a. Sector Estudiantes: 1

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que ningún estudante presentou a súa candidatura, polo que non procede realizar ningunha votación quedando vacante o posto.

**Punto 7.** Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar polas causas do atraso no pago dos complementos.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para expoñer as causas no atraso de complementos por parte da Xunta de Galicia.

Intervén a profesora María do Carmo Henriques coa intervención que figura no **Anexo III**; solicita que se lle dea resposta por escrito.

Intervén o Prof. Ricardo Vilán que fai o rogo de que é preciso compatibilizar o calendario académico coa proba de acceso á universidade que se celebran no mes de setembro. Pregunta se se vai a adaptar o calendario á celebración de probas de setembro.

Responde o reitor que os tres reitores das uiversidades galegas fixeron unhas propostas á Xunta de Galicia, que se resite a facer un adelanto a xullo, que a súa resposta é que están esperando a que cambie o modelo coa publicación da LOMCE.

Intervén o señor Alvarez Moreira, coa intervención que figura no **Anexo IV**. Fai os seguintes rogos: que as convocatorias das sesións do Claustro non coincidan coa época de exames, para respectar o art. 25 do Estatuto do estudante universitario; que se amplie o período de exames de so a tres semanas; que se elabore un borrador ou regulamento de avaliación e cualificacións que desenvolva o disposto no art. 101 dos Estatutos da Uvigo e, así mesmo, outro de réxime disciplinario segundo o art. 127 dos Estatutos.

O reitor responde que se lle contestará por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:25 horas do día 17 de decembro de 2012, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co vº. e pr. do Reitor.

O Reitor  
  
Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral  
  
M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Alvarez